



Ferrol  
Congresos  
Exposicións

## O PARQUE DE ATRACCIÓN DE FIMO PROLONGA A SÚA ESTANCIA NO RECINTO FEIRAL DE FERROL ATA O 26 DE FEBREIRO

O éxito obtido nas datas de Nadal con Ocio Nadal animaron a FIMO e aos promotores do certame na súa duodécima edición, a prolongar a súa apertura ao público ata o vindeiro día 26 de febreiro. Polo tanto, os rapaces e adolescentes de Ferrol e a súa área de influencia poderán seguir disfrutando de todas as actividades que inclúe este salón de lecer: pista americana, rocódromo, tirolina, "tirachinas", as xa habituais atraccións de feira (pista de coches de choque infantil e adultos, saltón, dragón, camas elásticas, etc.) o circuito de karts a pedais, inchables, mini golf e servizos de cafetería e hamburguesería, pensados para dar un completo servizo a nenos e maiores de xeito que non teñan que perder nen un solo minuto e poidan disfrutar do seu tempo de lecer ao máximo.

Pasadas as datas de Nadal, o certame pasa a chamarse agora **Ocio Aventura** e voltará a abrir as súas portas o vindeiro venres, día 20 de Xaneiro, mantendo o mesmo horario, de 16:30 a 20:30 horas. Entre o día 20 de xaneiro e o 17 de Febreiro, Ocio Aventura abrirá somentes os venres, sábados e domingos. A partires do 17 de Febreiro e ata o 26, coincidindo coas festas de Entroido, o certame manterá abertas as súas portas todos os días da semana sempre en horario de tarde. O prezo da entrada manterase como ata agora: 5€ para os menores e 2€ para os adultos que os acompañen.

Para a última fin de semana do certame, concretamente para o sábado, día 25 de Febreiro, prográbase unha gran festa de Entroido con agasallos para os asistentes e moitas máis sorpresas.

**FERROL, XANEIRO DE 2012**  
**GABINETE DE COMUNICACIÓN DE FIMO**